



## **Facultade de Ciencias da Comunicación**

**Traballo de  
Fin de Máster**

**Proxecto web:  
A historia dos blogs e  
os podcast en galego**

Agostiño Reigosa Lombao

**Setembro 2017**

## Índice de contidos

1. Introducción .....	3
2. Metodoloxía.....	5
3. Resultados .....	7
3.1 Blogs.....	7
3.2 Podcasts.....	8
4. Conclusións.....	9
5. Bibliografía .....	10

## Índice de táboas, gráficas e figuras

Imaxe 2.a. Imaxe de portada das webs .....	6
Figura 2.b. Detalle do menú de navegación no lateral.....	7

Esta memoria serve como complemento ás dúas webs nas que se verte a investigación realizada, que detallamos a continuación. As webs que son accesibles nos dominios [historiadosblogs.altg.net](http://historiadosblogs.altg.net) e [historiadospodcasts.altg.net](http://historiadospodcasts.altg.net), son o resultado do estudo e da aplicación dos coñecementos adquiridos durante o máster.

Esta memoria consta de cinco apartados a través dos cales se define o traballo realizado: introdución, metodoloxía, resultados, conclusións e referencias bibliográficas. Na introdución analizaremos os antecedentes, a motivación para realizar o traballo e cales son os obxectivos e limitacións aos que nos enfrontamos. No apartado de metodoloxía falaremos de como se deseñou a investigación, que técnicas e instrumentos empregamos e como se planificou o traballo. En resultados trataremos os datos obtidos a través da investigación, pechando coas seccións de conclusións e referencias bibliográficas.

## 1. Introducción

Dende a chegada de internet aos fogares, os medios de comunicación tradicionais atoparon na rede unha nova forma de facer chegar os seus contidos ao público en xeral. Xunto con esta diversificación tamén chegaron novas formas de comunicarse, formas, que ao igual que internet, democratizaron o acceso e a creación de información de todos cantos navegan por el, deixando de ser isto algo reservado para xornalistas, coas implicacións que isto ten e que seguimos vivindo na actualidade.

Dous dos gran expoñentes desta democratización dos contidos na primeira década do dous mil son os blogs e os podcast, os dous medios obxecto de estudo neste traballo.

Por unha banda, o auxe dos blogs en galego produciuse nunha época de grandes movementos sociais motivados pola realidade que se estaba a vivir naquel momento como o desastre do Prestige, as eleccións galegas ou a invasión de Irak. A creación de comunidades arredor deste fenómeno, o uso da lingua galega e a gran diversidade de temas que se trataban foron algúns dos factores clave neste fenómeno que tivo o seu momento de máxima expansión no ano 2005.

O fenómeno das bitácoras en galego conta con varios estudos sobre os que nos apoiámos para facer este traballo, se ben estes traballos están todos localizados no tempo entre os anos 2005 e 2006, momento en que se produce a gran explosión do blogs, e non se realizan novos estudos nos anos posteriores. Así mesmo podemos ver como estos se

centran en analizar a cantidade, tipoloxía e outros factores comúns a todo tipo de blogs así como a importancia dos blogs para a promoción da lingua. É por isto que cómpre facer unha revisión do conxunto, analizando a historia deste fenómeno cunha mirada máis actual.

Por outra banda o movemento podcast en Galicia caracterízase por empezar moito máis tarde, sendo o primeiro programa documentado na nosa lingua do ano 2005. Os podcast nunca tiveron un momento de gran auxe como si que oconteceu cos blogs e o número de programas activos mantívose sempre por debaixo dos cincuenta, unha cifra que nada ten que ver coas máis de 2000 bitácoras que chegaron a estar censadas.

Neste estudo, que está plasmado en dúas webs, queremos coñecer cando naceron os primeiros blogs e podcasts en galego, cales foron os expoñentes máis relevantes nos seus comezos, que factores permitiron e motivaron a súa creación, os estudos que se fixeron sobre esta temática e as súas conclusións, e, como non, cal foi a súa evolución ata o día de hoxe.

Ante estes obxectivos atopámonos principalmente cunha limitación, a efemeridade das bitácoras e podcasts e, en xeral, de todo canto contido se atopa na rede xa que sen unha conservación e estudo adecuados moitos dos sitios de referencia desaparecen ou mudan de forma, facendo moi complexo atopar a información precisa para contextualizar os movementos.

Este traballo enfócase en acadar dous obxectivos; a recuperación da historia dos blogs e podcasts en galego mediante o estudo das súas orixes, evolución e partes implicadas, e a exposición desta historia ao público mediante unha web, parte fundamental do traballo xa que permitirá achegar ao público en xeral a historia destes medios, así como abrir ao mundo a posibilidade de colaborar coa mesma aportando posibles datos que non estiveran recollidos xa que, como indicaba anteriormente, a efemeridade destes medios fai moi complexo o seu estudo. Para isto creamos dúas webs, unha para cada tipo de medio, onde de forma cronolóxica o lector pode navegar a través dos feitos relevantes da súa historia, podendo acceder ás webs primoxénitas, estudos e imaxes directamente dende a web.

## 2. Metodoloxía

A investigación partíu do coñecemento da inexistencia dunha web ou estudo que falase ou tratase en profundidade a historia dos blogs e podcasts. Tendo esa premisa como punto de partida fíxose unha pesquisa na rede na procura de investigacións, artigos ou contidos que puidesen sentar as bases deste estudo. Como os resultados acadados non foron suficientes, foi necesaria a realización de entrevistas e consultas a persoas relacionadas co medio que nos permitisen acotar a pesquisa e situar os actores destacados en cada un dos movementos.

Unha vez delimitados os actores importantes para este estudo, é dicir, os blogs, empresas e feitos relevantes, estes dispuxéronse por orde cronolóxica e procedeuse a facer unha investigación máis pormenorizada de cada un, que posteriormente pasa a ser parte de cadansúa web.


Como indicaba anteriormente, un dos problemas cos que se atopou o estudo foi a desaparición ou mutación de moitas das bitácoras e webs relevantes, isto provocou que ferramentas como Web Archive, que permiten consultar webs xa extintas grazas a un catálogo de capturas dun gran número de webs, fose de vital importancia para atopar a información necesaria, que aínda así non foi suficiente nalgúns casos.

Para a creación das webs onde se mostran os resultados da investigación utilizamos o software Wordpress na súa versión 4.8.1. Para que ambas webs estivesen sobre un mesmo dominio e xestor utilizamos a variante multisite, para isto unha vez feita a instalación no hosting fixéronse unha serie de modificacións sobre o código que habilitasen a variante.

Utilizamos Wordpress por tratarse de un software de código libre, dispoñible de forma gratuíta e en galego grazas as traducións de Egalego. Wordpress é o software para a creación de webs máis popular do mundo, estando presente en máis da metade das webs da rede.

A instalación de Wordpress fíxose sobre un hosting e un dominio propio asignándolle un subdominio a cada un dos estudos, sendo [historiadosblog.altg.net](http://historiadosblog.altg.net) para a parte dos blogs e [historiadopodcast.altg.net](http://historiadopodcast.altg.net) para a parte dos podcasts. Na imaxe 2.a pode verse a portada de cada web.

Imaxe 2.a. Imaxe de portada das webs




Para a parte de deseño partiuse dun tema xa creado, neste caso DW Timeline Pro, sobre o que se realizaron traballos de adecuación modificando o código. Estes traballos foron:

- a inversión cronolóxica da disposición dos blogs, para que o lector poida ir do máis antigo ao máis recente na súa navegación.
- a eliminación dos comentarios.
- o formateo da data, reducíndoo a mes e ano pola dificultade de datar correctamente o día dalgúns feitos.
- a tradución de certas cadeas de texto, para que toda a web estivera en galego.
- eliminación do autor nos posts, xa que se trata dun traballo de autor único.
- outras adecuacións menores de maquetación, como tamaños de letras e cores.

As webs contan cunha páxina principal dende a que navegar cronoloxicamente pola historia dos blogs e os podcasts, para isto só é necesario facer scroll, segundo se vaia avanzando na navegación van surxindo novos feitos relevantes que se van situando sobre a liña temporal na data que lle corresponda. Ademais tamén existe un menú no lateral onde se mostran os anos e meses polos que se está navegando, sendo posible dirixirse directamente a un premendo sobre el, podemos ver este menú na Figura 2.b.

Cada artigo está clasificando segundo o seu tipo, sendo posible diferenciar un blog ou podcast, un estudo, un feito relevante, uns premios ou unha xuntanza. Se prememos sobre esta etiqueta que se mostra en cada post accederemos a un directorio onde se atopan todas as de este tipo.

Figura 2.b. Detalle do menú de navegación no lateral



Aínda que o traballo verte o estudo en dúas webs cun subdominio propio, os feitos dos que se fala en ambas están ligados por proxectos e persoas en común, a través de ligazóns entre as dúas páxinas materialízanse as relacións que estes dous movementos tiveron, e manteñen.

## 3. Resultados

Os resultados que obtivemos a través deste estudo deben dividirse segundo sexa para o caso dos podcast ou para os dos blogs.

### 3.1 Blogs

No caso dos blogs podemos datar as primeiras bitácoras en galego no ano 2001, sendo o ano de auxe o ano 2005 cando segundo varios estudos chegan a crearse máis de 600 novos espazos na rede. Algúns dos máximos expoñentes deste fenómeno nos seus primeiros anos de vida foron o blog *Días estranhos* de Matin Pawley, *Orballo* de Acárida, *Todo Nada* de María Yáñez, que acuñaría o termo blogmillo, e *Capítulo 0* de Manuel Gago, que é considerado o blog máis antigo en activo.

A comunidade de blogs en galego tivo dous grandes puntos de encontro na rede, isto é, indexadores onde atopar novas e descurbrir blogs. Estes son *Blogaliza*, nado no ano 2003 e que aínda se mantén en activo, e *Blogalego*, nada no ano 2006 e que xa non se atopa no seu formato orixinal.

Ademais disto tamén podemos mencionar outros actores que estiveron presentes neste movemento como son *Egalego*, plataforma para a tradución de software e que é a encargada de traducir Wordpress na actualidade, *Blogger*, como a plataforma máis utilizada nos momentos de auge, ou *Wordpress* como o sucesor de *Blogger*.

Cómpre tamén sinalar a importancia dos estudos realizados xa que permitiron dar forma e cuantificar dunha maneira científica o tamaño e importancia do que estaba a suceder, estudos como o *1000 e 1 blogs en galego* de Carlos Neira, *A blogosfera en galego: demografía usos e contidos* do Grupo de Novos Medios da USC e *A normalización lingüística do galego através dos blogs: o caso de Blogaliza* de Lara Dopazo e David Lombao, que supón o maior achegamento á relación entre blogs e lingua.

Finalmente podemos sinalar que na actualidade estase tentando recuperar o antigo censo de blogs que se atopaba en *Blogaliza*, procura que a día de hoxe ten 77 blogs rexistrados.

## 3.2 Podcasts

No caso dos podcast podemos datar o primeiro podcast cunha única emisión como o *plan Galicia* de Mariano Grueiro de Xullo do 2005, tras este chegaría en outubro *e-music* de Isaac González.

Mentres que no caso dos blogs podemos falar de puntos de encontro, no caso dos podcast tan só podemos falar de *Podgalicia*, o primeiro e único recopilador de podcasts na nosa lingua que naceu a finais do verán do 2006. Tras varias desaparicións dende a súa creación a día de hoxe volve estar activo na súa versión 3.0.

A nivel de estudos e traballos o mundo dos podcast en galego só conta cun apartado no libro *Podcasting: tú tienes la palabra* de edición nacional, no que podemos atopar unha breve historia dos comezos do medio escrita por Uxío Broullón.



## 4. Conclusións

Tras a realización do estudo podemos concluír que o movemento blogger en Galicia tivo o seu momento de maior crecemento entre os anos 2005 e 2006, sendo o crecemento, ou incluso decrecemento, menor a partir deses anos. O nacemento deste movemento parece estar causado por un conxunto de feitos como a chegada de internet aos fogares, os grandes movementos sociais dos anos 2002, 2003 e posteriores, a procura de novas formas de comunicación e a creación de comunidade arredor do fenómeno polos nexos comúns como a lingüa e a cultura.

Tras estes anos de esplendor todo parece indicar que as temáticas que eran tratadas en cada blog foron disminuindo creando unha comunidade moito máis especializada e pasando os temas máis sociais cara outras plataformas en auxe como as redes sociais. Pese a isto o movemento blogger en Galicia dista de estar morto como indica o último censo de Blogaliza, pero agora tamén os podemos atopar dentro de medios máis tradicionais como os xornais online.

Pola parte dos podcasts podemos concluír que nunca existiu un gran movemento ou crecemento pronunciado, como si que é posible remarcar na parte dos blogs. O número de podcasts que non dependen de radios tradicionais ou de radios libres, pese a sufrir altas e baixas, mantívose estable. Isto pode estar debido á ausencia dunha profesionalización como si ocorreu cos blogs, ademais, o inicio do seu uso sitúase moito máis próximo ao auxe das redes sociais. Por riba de todo isto existía e existe, unha barreira moito máis pronunciada de acceso que no caso dos blogs, sendo necesario un micrófono e coñecementos básicos de software de gravación para poder empezar a emitir.

En conxunto os programas cuxa única finalidade é o podcast quedaron relegados a un mundo moito máis especializado e menos accesible dende o seu principio, esto fai que a día de hoxe se atopen nunha etapa moito máis temperá da súa vida e que sexan precisos máis anos de estudo para poder chegar a unhas conclusións máis definitivas.

## 5. Bibliografía

Asociación Podcast. (2010) *Podcasting, tú tienes la palabra*. España: Bubok.

Canabal, S. & Gago, M. & López, X. & Isasi, A. & Limia, M. & Pereira, J. (2006). *A blogosfera en galego: demografía, usos e contidos*. Santiago de Compostela: Grupo de Novos Medios do Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (Recuperado de [Internet Archive](#), captura do 1 de setembro do 2017).

Dopazo, L. & Lombao, D. (2006). A normalización lingüística do galego a través dos blogs: o caso de Blogaliza. En *Prisma 3*. CETAC.MEDIA

Neira Cortizas, Carlos (2006). 1000 e 1 blogs en galego. Recuperado o 26 de agosto do 2017 de <http://calidonia.eu/2006/02/21/1000-e-1-blogs-en-galego-i-numero/>